



INFORME SOBRE A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS NO CENTRO SUPERIOR DE HOSTALERÍA DE GALICIA PARA PERSOAS GALEGAS RESIDENTES NO EXTERIOR PARA O CURSO 2026/27 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TU200D)

En cumprimento do artigo 17.3 da Resolución do 6 de abril do 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas para persoas galegas residentes no exterior para a realización de estudos no Centro Superior de Hostalería de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o curso 2026/27 (código de procedemento TU200D) (DOG nº 77, do 27.04,2026) emítese o presente informe de valoración das solicitudes presentadas nesta convocatoria.

A este respecto, o artigo 16.4, relativo á instrución do procedemento, determina que unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte. Xunto cos expedientes o órgano instrutor remitirá unha proposta de puntuación corresponde a cada expediente, calculada en aplicación dos criterios de valoración previsto no artigo 11 das bases reguladoras.

O día 3 de xuño do 2026 publicouse o listado provisional de solicitudes admitidas e excluídas para as persoas residentes no exterior que se transcribe máis abaixo.

Segundo o artigo 2 das bases reguladoras as bolsas poderán ser de nova adxudicación ou de renovación: As bolsas serán de nova adxudicación para os/as alumnos/as que se matriculen por primeira vez nunha titulación do CSHG.

O numero de bolsas será de:

- 5 bolsas para o grao en Xestión de Empresas Hostaleiras.
- 5 bolsas para o curso superior de Chef de Cociña e Pastelería.

Emítese este informe coa puntuación provisional no que se detallarán as bolsas concedidas para o curso 2026/2027 para cursar estudos no CSH para persoas galegas residentes no exterior. Publicarase no portal web do CSHG, así como no taboleiro de anuncios do CSHG. As persoas solicitantes terán un prazo de 10 días hábiles para presentar as reclamacións oportunas dirixidas ao órgano instrutor. Esta documentación debere de presentarse electronicamente.

As solicitudes admitidas foron puntuadas en aplicación do artigo 11 das bases da convocatoria, resultando a proposta de puntuación e de adxudicación de bolsas que se recolle nas táboas anexas:

Anexo I: Listado definitivo de solicitudes admitidas e excluídas

Anexo II: Relación de expedientes valorados e proposta de bolsas

Anexo III: Lista de agarda por orde de puntuación

Anexo IV: Relación de expedientes excluídos



Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

ANEXO I: Listado definitivo de solicitudes admitidas e excluídas

Grao en Xestión de Empresas Hostaleiros

- **1º curso**

NOME E APELIDOS	NIF	ADMITIDO/EXCLUÍDO
Gustavo Adolfo Montelongo Cantu	N20474860	Admitido

- **Renovación**

NOME E APELIDOS	NIF	ADMITIDO/EXCLUÍDO
Inés Beiras Almeida e Lobo	35638306J	Admitida
Allegra Carlotta Zas Friz	XDE736399	Admitida

ANEXO II : Relación de expedientes valorados e proposta de bolsas

Alumnado para o curso de superior de Chef de Cociña e Pastelería

Non hai alumnado proposto

Alumnado para Grao en Xestión de Empresas Hostaleiros

- **1º curso**

NOME E APELIDOS	NIF
Gustavo Adolfo Montelongo Cantu	N20474860





- **Renovación:**

NOME E APELIDOS	NIF
Inés Beiras Almeida e Lobo	35638306J
Allegra Carlotta Zas Friz	XDE736399

ANEXO III: LISTA DE AGARDA POR ORDE DE PUNTUACIÓN

Non hai lista de agarda.

ANEXO IV: RELACIÓN DE EXPEDIENTES EXCLUÍDOS

Alumnado para o curso de superior de Chef de Cociña e Pastelería

NOME E APELIDOS	NIF	MOTIVO
Yasi Arai Gómez Lojo	55851893G	Non matriculado

De acordo co artigo 17.3 as persoas solicitantes terán un prazo de 10 días hábiles para presentar as reclamacións oportunas dirixidas ao órgano instrutor. É preciso que remita as reclamacións de xeito electrónico entrando na carpeta do cidadán .

